

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 19 de setembro de 2025

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e trinta minutos do día 19 de setembro do ano dous mil vinte e cinco, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Rafael Domínguez Artime, Luisa María Sánchez Méndez, Roberto José Álvarez Carrero, Jorge Cubela López, Ricardo Martínez Chantada, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña*, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Así mesmo, están presentes a deputada *Belén Cachafeiro Anta* e os deputados *Marcos Guisasola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.35612.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 12 de setembro de 2025.

2.35613.- AUTORIZACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO Nº1 E DE EXECUCIÓN DA OBRA “ACTUACIONES INICIALES MURO CONTENCIÓN PARQUE DE LOS JARDINES PARA SU ADECUADA CONSERVACIÓN”, FINANCIADA NO MARCO DO PLAN +PROVINCIA 2024 LIÑA 1 INVESTIMENTOS, CONCELLO DE TUI (EXPT.2024021692)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante acordo da Xunta de Goberno, núm.7.34052, de data 19/07/2024, concedeuse ao Concello de Tui no marco do Plan +Provincia 2024 liña 1, polo procedemento de concorrencia non competitiva, unha subvención por importe de 216.194,67 euros con destino ao financiamento do investimento “ACTUACIONES INICIALES MURO CONTENCIÓN PARQUE DE LOS JARDINES PARA SU ADECUADA CONSERVACIÓN” Expte.:2024021692, cun orzamento de 216.194,67 euros, desagregado en execución obra 206.643,90 euros e honorarios de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde por importe total de 9.550,77 euros.



En data 01/09/2025, ten entrada no rexistro da Deputación (WEB2025061940), instancia xenérica do Concello de Tui na que solicita a tramitación do proxecto modificado nº1 do investimento “ACTUACIONES INICIALES MURO CONTENCIÓN PARQUE DE LOSJARDINES PARA SU ADECUADA CONSERVACIÓN”.

Revisada a documentación, a solicitude cumpre os requisitos esixidos na base 32ª do Plan + Provincia 2024 liña 1; contando co informe de supervisión favorable do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 05/09/2025.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2024
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.



RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

Base 32ª reguladora do Plan +Provincia 2024 liña 1, relativa os excesos de medición e modificación dos contratos, que dispón que se durante a execución das obras xorde a necesidade de modificar o proxecto da obra o concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na normativa de contratación, e redactar un proxecto modificado.

Ase mesmo a base 32ª contempla que cando o proxecto modificado implique un incremento de custo con respecto ao inicial, o Concello empregará a baixa obtida na adxudicación do contrato no financiamento do modificado, de contar con ela.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 04/09/2025, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 09/09/2025, que conclúe favorablemente a tramitación do proxecto modificado, e do informe da Intervención Provincial, de data 11/09/2025 a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar o modificado nº1 do proxecto da obra “*Actuaciones iniciales muro contención Parque de los jardines para su adecuada conservación*” (Expte.2024021692), aos efectos de que o investimento incluído no Plan +Provincia 2024, poida ser executado nos termos establecidos polo Concello, cun orzamento de execución a prezo de adxudicación, de 224.548,41 euros, o que supoñe un incremento de 31.584,34 euros. A baixa obtida na adxudicación do contrato, que ascende a 13.679,83 euros, se empregará no financiamento do devandito proxecto modificado, asumindo o Concello o importe restante, quedando o cadro de financiamento da devandita obra tal e como se reflicte no seguinte cadro:

Orzamento total	Subvención Plan +Provincia 2024	Achega Concello
234.099,18€	216.194,67€	17.904,51€

O orzamento total, contempla orzamento proxecto modificado a prezo de adxudicación 224.548,41 euros e honorarios técnicos de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde por importe de 9.550,77 euros.

- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Tui*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

3.35614.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DA SUBMINISTRACIÓN DE REACTIVOS NECESARIOS PARA O LABORATORIO DA FINCA MOURISCADÉ DA DEPUTACIÓN. (EXPTE.2025046318)

A Deputación de Pontevedra, co obxectivo de potenciar e mellorar o sector agrícola e gandeiro, dada a súa importancia económica no norte da provincia, conta coa Finca Mouriscadé situada no termo municipal de Lalín.



Unha das prioridades do laboratorio de Mouriscade é a mellora constante dos seus servizos. Para iso, ten implantada un sistema de calidade segundo a norma UNE-EN ISO 17025, para o alcance acreditado pola “*Entidad Nacional de Acreditación, ENAC*”, (acreditación nº 478/LE1082).

Coas análises de alimentación animal efectuados no laboratorio da Finca Mouriscade búscase mellorar as condicións do sector primario; xa que permite que as racións nutricionais sexan máis eficientes, de mellor calidade e incrementar a produción. Co isto mellóranse as condicións económicas dos gandeiros e facilitando a fixación de poboación no rural. O laboratorio leva efectuando análises dende fai moitos anos, polo que existe unha estreita relación entre gandeiros, cooperativas e empresas do sector, podendo anticipar e adaptar os nosos servizos as cambiantes necesidades do sector.

A liña de análises ten un importante consumo de reactivos debido ao gran número de mostras que se reciben. Por iso para realizar unha xestión eficaz dos pedidos e un abaratamento de custos é necesario unha licitación pública dos mesmos.

A xefa do servizo de Medio Ambiente, informa que obxecto da subministración de reactivos é conseguir o máximo aforro económico no prezo de compra, a mellora da prestación, logrando unha maior eficiencia na utilización dos fondos destinados a súa adquisición, mellorando deste xeito a xestión dos mecanismos de información e control do seu consumo.

En base ao exposto, con data 25/06/2025, o Deputado delegado, dita providencia (csv:V3GNEC5PGJ33N26W) pola que propón iniciar a contratación da subministración de reactivos para a Finca Mouriscade. O contrato proposto ten un prazo de duración de 1 ano, (desde o 1 de xaneiro de 2026 ata o 31 de decembro de 2026) con posibilidade de tres prórrogas, un orzamento base de licitación de 175.758,27 euros, e divídese nos seguintes lotes.

- Lote 1: Reactivos para a realización das determinacións físico-químicas.
- Lote 2: Reactivos para a realización das determinacións microbiolóxicas.
- Lote 3: Reactivos para equipos dos que dispón o laboratorio: “Minividas e Vitek 2”.
- Lote 4: Reactivos para a realización das determinacións de augas.
- Lote 5: Reactivo para a identificación de xermes en mostras de leite bovina.

Tendo en conta que, con data 23/07/2025, o xefe do servizo de Contratación emite proxecto memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de subministracións, o procedemento a aplicar é o procedemento aberto, sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP. Consta no expediente memoria definitiva con csv NH60IS1UL6J249G3.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e solicita o preceptivo informe á Secretaría.



Visto que con data 30/06/2025, a Intervención informa que no vixente orzamento provincial realízase a previsión futura de retención de crédito para o exercicio 2026 mediante os documentos RCFUT(2026):

LOTE	RCFUT(2026)	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE (IVE engadido)
1	12025000124533	2026/410.4120.221.06	60.250,29€
2	12025000124534		44.638,69€
3	12025000124536		58.253,59€
4	12025000124538		9.602,80€
5	12025000124541		3.012,90€
		Total	175.758,27€

quedando condicionado o gasto á aprobación do seu orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria que será, no seu caso, a indicada no cadro que antecede.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 30/07/2025, e as observacións contidas no mesmo, co csv FH8QKDIOPNNE7JCD.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 5/09/2025, co csv SEGUAY3BAN3QJFE0.

Tendo en conta o artigo 16 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal califícanse como contratos de subministracións os contratos que teñen por obxecto a adquisición, o arrendamento financeiro, ou o arrendamento, con ou sen opción de compra, de produtos ou bens móbiles.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade e que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobación do expediente para a contratación, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, da “*Subministración de reactivos para o laboratorio da Finca Mouriscade, da Deputación de Pontevedra*”.

O prazo de duración e de un ano desde a data da formalización, estimándose o seu comezo o 1 de xaneiro de 2026 e finalizando en todo caso o 31 de decembro de 2026. Con posibilidade de tres prórrogas.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 175.758,27 euros, de acordo coa seguinte desagregación por lotes:

	LOTE 1	LOTE 2	LOTE 3	LOTE 4	LOTE 5	TOTAL
Orzamento base de licitación, sen IVE	49.793,63 €	36.891,48 €	48.143,46 €	7.936,20 €	2.490,00 €	145.254,77€
IVE (21%)	10.456,66 €	7.747,21 €	10.110,13 €	1.666,60 €	522,90 €	30.503,50€
Orzamento base de licitación, co IVE	60.250,29 €	44.638,69€	58.253,59 €	9.602,80 €	3.012,90 €	175.758,27€

As obrigas económicas para a Deputación de Pontevedra serán as que resulten dos pedidos que se realicen ao abeiro do contrato, que se axustarán aos prezos máximos previstos no prego, axustados, no seu caso, á oferta da empresa adxudicataria. A adxudicación farase en base aos prezos unitarios.

Os prezos unitarios de licitación para cada un dos lotes son os que se establecen no Anexo I do prego técnico. O valor estimado é o seguinte:

	LOTE N 1	LOTE N 2	LOTE N 3	LOTE N 4	LOTE N 5	TOTAL
1. Orzamento base de licitación sen IVE:	49.793,63€	36.891,48€	48.143,46€	7.936,20€	2.490,00€	145.254,77€
2. Modificacións á alza previstas:	9.958,73€	7.378,30€	9.628,69€	1.587,24€	498,00€	29.050,95€
3. Eventuais opcións e/ou prórrogas (sen IVE) incluídas modificacións:	179.257,07€	132.809,33€	173.316,46€	28.570,32€	8.964,00€	522.917,17€
TOTAL:	239.009,42€	177.079,10€	231.088,61€	38.093,76€	11.952,00€	697.222,90€



2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: KNEHHJUF8C3EXBQH) e de prescricións técnicas (CSV: GRB9U1WWYSH6UENV) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar a tramitación anticipada do gasto polo importe máximo de 175.758,27€ euros, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

LOTE	RCFUT(2026)	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE (IVE engadido)
1	12025000124533	2026/410.4120.221.06	60.250,29€
2	12025000124534		44.638,69€
3	12025000124536		58.253,59€
4	12025000124538		9.602,80€
5	12025000124541		3.012,90€
Total			175.758,27€

O cadro de financiación poderá sufrir variacións en función da data na que se formalice o contrato.

O gasto previsto para anualidade 2026 quedará condicionado á aprobación do respectivo orzamento e a existencia de crédito adecuado e suficiente no mesmo.

O custo derivado deste servizo ten a particularidade de que a efectos contables o imposto sobre o valor engadido (IVE) vai ser deducido coa facturación.

4.- Nomear como responsable do contrato: A xefa do servizo de Medio Ambiente ou persoa na que delegue.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

4.35615.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA CONTRATACIÓN DA RENOVACIÓN E SUBMINISTRO DE LICENCIAMENTO DO SOFTWARE DE AUTODESK PARA A DEPUTACIÓN (EXPTE.2025032356)

Por acordo da Xunta de Goberno en sesión celebrada o día 18/07/2025 apróbase o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado da renovación e subministración do licenciamento software de autodesk para a Deputación de Pontevedra.



Con data 18/07/2025 o anuncio de licitación, publicouse no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público. Así mesmo, publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión de data 7/08/2025, procedeu á apertura electrónica dos sobres “únicos”, correspondentes coa documentación administrativa e documentación avaliable mediante fórmulas.

As empresas que achegan oferta son:

- NTI CAD SYSTEMS, S.L. CIF B-86798949
- SEMICONDUCTORES Y SISTEMAS, S.A. CIF A-08747388
- Seidor Tech, S.A. CIF A-33204306

Unha vez feitas as valoracións de conformidade cos criterios establecidos no prego de cláusulas económico-administrativas resulta que a oferta presentada pola empresa Seidor Tech S.A. presenta un valor anormal ou desproporcionado en canto ao prezo ofertado polo que polo Secretario da Mesa de contratación se lle require para que xustifique a súa oferta, requirimento que lle foi notificado con número de rexistro NOT2025020849, concedéndolle a tal efecto un prazo de 5 días hábiles. A empresa Seidor Tech S.A. non presentou a xustificación requirida no prazo establecido.

Feitas as valoracións de conformidade cos criterios establecidos nos pregos, as puntuacións obtidas na valoración dos criterios avaliables mediante fórmulas, segundo constan no informe emitido polo Xefe do Servizo de contratación con csv (6DGWX0O3DCBW1JCI) son as seguintes:

Empresas	Puntuación prezo ofertado (Máx 100 puntos)	Puntuación total
SEMICONDUCTORES Y SISTEMAS, S.A CIF A08747388	86,724	86,724
NTI CAD SYSTEMS, S.L CIF B86798949	83,888	83,888

A Mesa de Contratación na súa sesión de data 21 de agosto de 2025 acorda: excluír á empresa Seidor Tech, S.A CIF A33204306, ao presentar un valor anormal ou desproporcionado en canto ao prezo ofertado e non xustificar ditos valores anormais, aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas empresas que quedan clasificadas da seguinte forma: 1º SEMICONDUCTORES Y SISTEMAS, S.A (86,72 puntos) e 2º NTI CAD SYSTEMS, S.L (83,88 puntos), e propoñer ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para contratación da “*Renovación e subministración do licenciamento software de autodesk para a Deputación de Pontevedra*”, á empresa SEMICONDUCTORES Y SISTEMAS, S.A (CIF A08747388) polos prezos e valores ofertados.



En data 25/08/2025 o secretario da Mesa de contratación require á empresa SEMICONDUCTORES Y SISTEMAS, S.A., para que no prazo de 7 días hábiles achegue a documentación esixida de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lcsp.

Con data 3/09/2025 REX_WEB2025062524 a citada empresa achega escrito de renuncia á licitación, fundamentándose en razóns técnicas sobrevenidas e imprevisibles que afectan directamente á súa capacidade para levar a cabo o subministro.

Tal e como establece o artigo 150.2 da Lcsp “De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento (...) procederase a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, polo orden en que quedaran clasificadas as ofertas”, polo que requírese a empresa NTI CAD SYSTEMS, S.L (CIF B-86798949), para que achegue a documentación do requirimento.

A empresa NTI CAD SYSTEMS, S.L CIF B-86798949, atópase inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público. Dito certificado de inscrición acredita, a tenor do nel reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación así como a non concorrencia da prohibición de contratar. A maiores, comprobouse a través do sistema de intermediación de datos, que se atopa ó corrente de pagos coa Seguridade Social e coa AEAT, e de alta no imposto de actividades económicas.

Asemade, a Mesa facultou ao Secretario para que procedera a requirirille, mediante comunicación electrónica, para que presentara o resto da documentación esixida, de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Con data 3 de setembro de 2025, o secretario suplente da Mesa de Contratación requiriu á empresa NTI CAD SYSTEMS, S.L CIF B-86798949 proposta como adxudicataria para que remitisen a documentación esixida no prazo de 7 días hábiles a contar desde o seu envío (Rexistro de saída NOT2025022623, de data 4 de setembro de 2025).

Que a empresa NTI CAD SYSTEMS, S.L CIF B-86798949 presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada REX_WEB2025063881, de data 10/09/2025) cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe 5.735,50 €, (carta de pago núm. operación 12025000167883, de data 5/09/2025).

Considerando os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.



Por todo o exposto ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta o Presidente para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Excluir a empresa Seidor Tech S.A. por presentar un valor anormal ou desproporcionado en canto ao prezo ofertado e non presentar a xustificación requirida no prazo establecido e a empresa Semiconductores e sistemas S.A. que achega escrito de renuncia á licitación, fundamentándose en razóns técnicas sobrevenidas e imprevisibles que afectan directamente á súa capacidade para levar a cabo o subministro.

2.- Adxudicar o contrato mediante procedemento aberto simplificado da renovación e subministración de licenciamento do software de autodesk para a Deputación de Pontevedra á empresa *NTI CAD SYSTEMS, S.L CIF B-86798949*, coas especificacións técnicas contidas no prego técnico, e conforme ao seguinte detalle:

- Importe sen o IVE: 114.710,00 €
- IVE (21 %): 24.089,10 €
- Importe total ofertado: 138.799,10 €

O prazo de duración 3 anos a contar desde o 18/09/2025 ao 17/09/2028 para todas as licenzas.

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato, polo importe máximo de 138.799,10€, financiaranse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	TOTAL
2025	25/926.9260.206.00	46.266,37€
2026	26/926.9260.206.00	46.266,37€
2027	27/926.9260.206.00	46.266,36€
		138.799,10€

Os importes correspondentes ás anualidades 2026 e 2027, quedarán condicionadas a aprobación dos respectivos orzamentos e a existencia de crédito adecuado e suficiente nos mesmos.

Forma de pagamento: parcial

O pago realizarase tras a presentación da oportuna factura, ao inicio de cada anualidade e acreditada a renovación das licenzas por completo.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.



Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 P3600000H)	(CIF:	Núm. de exp.:	2025032356	
Órgano xestor:	LA0006132	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: O xefe do servizo de Novas tecnoloxías.

3.- As empresas adxudicatarias deberán formalizar os contratos en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle ás empresas seleccionadas para que formalicen o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

5.35616.- APROBACIÓN DO ESTABLECEMENTO DUN SISTEMA DINÁMICO DE ADQUISICIÓN PARA OS SERVIZOS DE DESEÑO, MAQUETACIÓN, IMPRESIÓN, ENCUADERNACIÓN E DISTRIBUCIÓN DE PUBLICACIÓNS E ELEMENTOS DIVULGATIVOS. (EXPTE.2025050606)

A Deputación de Pontevedra presenta de xeito reiterado a necesidade de edición e impresión de libros, catálogos e materiais promocionais relacionados con turismo, igualdade, cultura, etc. Esta demanda repítese anualmente, aínda que non é posible determinar con exactitude ao inicio do exercicio orzamentario os requisitos específicos, formatos, número ou importe dos contratos necesarios.

Os traballos requiren características técnicas especializadas que exceden as capacidades e medios técnicos da imprenta provincial da Deputación. Por iso, é imprescindible recorrer á contratación externa para satisfacer estas necesidades.



Para optimizar a eficiencia no uso dos recursos públicos, o servizo de contratación implantou un sistema dinámico de adquisición regulado pola Lei de Contratos do Sector Público, con vixencia ata o 31 de decembro de 2025.

Tendo en conta que este sistema proporcionou resultados positivos en termos de aforro de tempo e custes, permitindo reducir o número de expedientes tramitados como contratos menores, grazas ao seu carácter dinámico e á tramitación simplificada dos contratos derivados, con data 24 de xullo de 2025, o Deputado de Novas Tecnoloxías e Contratación dita providencia de inicio do expediente para o establecemento dun sistema dinámico de adquisición para os servizos de deseño, maquetación, impresión, encuadernación e distribución de publicacións e elementos divulgativos, dividíndose nas seguintes categorías:

- Categoría I: Deseño, maquetación, composición, preimpresión, impresión e encadernación de publicacións e elementos divulgativos
- Categoría II: Preimpresión, impresión e encadernación de publicacións e elementos divulgativos.
- Categoría III: Deseño, maquetación, composición, preimpresión, impresión, encadernación e distribución de publicacións e elementos divulgativos
- Categoría IV: Preimpresión, impresión, encadernación e distribución de publicacións e elementos divulgativos

Tendo en conta que, con data 28 de xullo de 2025 o xefe do servizo de Contratación emite proxecto de memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de servizos e, en prol de conseguir unha mellor eficiencia nos recursos públicos e dentro dunha estratexia que conleva unha planificación dos contratos e a procura de solucións, proxecta implementar para esta necesidade un sistema dinámico de adquisición enmarcado dentro da sección 3ª, do Capítulo II, racionalización técnica da contratación, do Título I do Libro II. Consta no expediente memoria definitiva con CSV: X87VYF9L3HEBUJRW

Visto o informe favorable emitido pola Secretaría Xeral con data 01 de agosto de 2025.

Visto o informe favorable emitido pola Intervención con data 13 de agosto de 2025.

Tendo en conta que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, establece que: *“A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante”*.

Visto que o artigo 223 da Lei 9/2017, sinala que os órganos de contratación poderán articular sistemas dinámicos de adquisición de obras, servizos e subministracións de uso corrente cuxas características, xeralmente dispoñibles no mercado.



Tendo en conta que o artigo 224 e 226 da LCSP, determina que para contratar no marco dun sistema dinámico de adquisición seguiranse as normas do procedemento restrinxido, sendo obxecto de licitación cada contrato que pretenda adxudicar.

Considerando que se estima que o valor dos contratos específicos superasen no seu conxunto os 100.000 euros, establécese como o órgano de contratación que aprobe esta institución a Xunta de Goberno.
A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- 1.- Aprobar o expediente para establecer un Sistema Dinámico de Adquisición para os servizos de deseño, maquetación, impresión, encadernación e distribución de publicacións e elementos divulgativos.
- 2.- Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas que consta no expediente, co código seguro de verificación CSV: GJ1RAVGVG5V3WQX3 e o prego de prescricións técnicas PNUUAL2NSWQNI7NO.
- 3.- Iniciar a Fase I do SDA de selección de candidatos, concedendo un prazo para solicitar adhesión das empresas o sistema, que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.
- 4.-Delegar na mesa de contratación a cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos e selección dos candidatos que poida acceder o SDA.
- 5.- Establecerase como órgano de contratación dos contratos específicos, para a remisión da invitación de licitación e posterior adxudicación, ao órgano competente para autorizar e dispoñer o gasto de conformidade coas Bases de Execución do Orzamento.

6.35617.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA MONCOSA OHS, S.A. (A-15.050.958), PARA RESPONDER DO CONTRATO RELATIVO A “MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NA RÚA DE GALICIA-DENA (MEAÑO) R11S2” (EXPTE.2013004640) (DEVOGARÁN 2015031609)

Por acordo da Xunta de Goberno celebrado na súa sesión ordinaria, de data 08 de novembro de 2013 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do proxecto de “Mellora da eficiencia enerxética na Rúa de Galicia – Dena, para o Concello de Meaño (11ª Relación PID 2012, subministro 2)”. (Núm. Expte. 2013004640)

Para garantir a correcta execución deste contrato, a entidade mercantil *Moncosa OHS, S.A.*, constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do seu prezo de adxudicación, que foi o seguinte:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
MONCOSA OHS, S.A. (A-15.050.958)	2.208,75€	201400030179	20/03/2014



Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Contratación (CSV.- IX7CXEK56E3S2E25), no cal sinala que “(...) *Finalizado o contrato referido e transcorridos os prazos legalmente establecidos das garantías esixidas para cada elemento, obsérvase que o servizo correspondente non comunicou ningún vicio ou defecto na súa realización (...), polo que, o que procede é a devolución da mesma a fin de evitar futuras reclamacións por parte do adxudicatario (...).*”

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- WA9KWM0DMJ2PSDNC), no cal indica que existen na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil MONCOSA OHS, S.A., dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do contrato de “*Mellora da eficiencia enerxética na Rúa de Galicia – Dena, para o Concello de Meaño (11ª Relación PID 2012, subministro 2)*” (Núm. Expte. 2015031609), sen que existan obrigas pendentes.

SEGUNDO.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil MONCOSA OHS, S.A. (A-15.050.958), por resultar adxudicataria de dito contrato e que foi a seguinte:

- o A constituída, mediante aval emitido pola entidade Banco Popular, S.A. (NIF.- A-15.050.958) “*Inscrito no Rexistro especial de avais, co nº 8907/01323*”, por importe de dous mil douscentos oito euros con setenta e cinco céntimos (2.208,75 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 20/03/2014, segundo orde e constitución de valores, con número de operación 12024000029926, de data 20-03-2014 (Número de Carta de Pago 201400030179)

7.35618.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA PRESENTADA POLA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SAN AMARO DE MENDUIÑA DENTRO DO PROGRAMA “+XUNTAS” ANO 2025 E CONCESIÓN DA SÚA PRAZA Á ASOCIACIÓN DE VECIÑAS E VECIÑOS AMEIXOA (EXPTE.2024069042)

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Igualdade, puxo en marcha o programa “+Xuntas”. Con el búscase mellorar a formación básica das mulleres da provincia de Pontevedra e as súas condicións de vida, promover o apoderamento e a súa autonomía individual, e crear redes de apoio para impulsar a participación activa, a sororidade e a xeración de vínculos entre as participantes, así como para fomentar as relacións interpersoais e o intercambio de experiencias ao compartir vivencias e romper co illamento.



Este programa está dirixido a destinado a asociacións, federacións e fundacións sen fins de lucro da provincia de Pontevedra, ou que contén cunha delegación nela, que teñan como obxectivo e ámbito de actuación a promoción das mulleres e que apoien o seu desenvolvemento e apoderamento, o seu tecido asociativo e a paulatina consecución do obxectivo da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Na Xunta de Goberno de 22 de novembro de 2024 adoptouse o acordo de aprobación das bases reguladoras do programa +XUNTAS 2025 e posteriormente publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) nº 241 de 12 de decembro de 2024.

Na Xunta de Goberno, na sesión ordinaria do día 11 de abril de 2025 adoptou, entre outros, o acordo de adxudicar un total de 207 accións formativas a distintas entidades da provincia como beneficiarias do programa +XUNTAS 2025. Ademais, acordase aprobar unha lista de agarda de 60 solicitudes e a exclusión de 52 solicitudes de diferentes entidades interesadas nas accións formativas do programa.

Resultando que unha vez notificada a concesión da acción formativa á *Asociación de Veciños San Amaro de Mendiña* (Expediente 2024084245), con data 28 de agosto de 2025, nº de rexistro WEB2025061310, presenta renuncia ao obradoiro de *Xardinería*.

Dado que existe lista de agarda para a participación no Programa + XUNTAS 2025, sendo a Asociación de veciñas e veciños Ameixoa, con NIF G94151081, a situada de primeira na lista de agarda, segundo consta en listaxe con CSV KD6Q5LQAE7SFWDOH.

Considerando que o órgano competente para a adxudicación das accións formativas ás entidades beneficiarias do programa +XUNTAS para o exercicio 2025, é a Xunta de Goberno, de conformidade co estipulado na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra e a base 16.2 de execución do vixente orzamento provincial.

Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aceptar a renuncia presentada pola *Asociación de Veciños San Amaro de Mendiña* (NIF G36251866) e nº de expediente 2024084245.
2. Adxudicar á *Asociación de veciñas e veciños Ameixoa* (NIF G94151081) e nº de expediente 2025001227, a concesión dunha acción formativa do programa +XUNTAS 2025.

8.35619.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA PRESENTADA POLA ASOCIACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DAS COMARCAS DO CONDADO E PARADANTA DENTRO DO PROGRAMA “+XUNTAS” ANO 2025 E CONCESIÓN DA SÚA PRAZA Á ASOCIACIÓN CONCIENCIA GALICIA (EXPTE.2024069042)

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Igualdade, puxo en marcha o programa “+Xuntas”. Con el búscase mellorar a formación básica das mulleres da provincia de Pontevedra e as súas condicións de vida, promover o apoderamento e a súa autonomía individual, e crear redes de apoio para impulsar a participación activa, a sororidade e a xeración de vínculos entre as participantes, así como para fomentar as relacións interpersoais e o intercambio de experiencias ao compartir vivencias e romper co illamento.



Este programa está dirixido a destinado a asociacións, federacións e fundacións sen fins de lucro da provincia de Pontevedra, ou que contén cunha delegación nela, que teñan como obxectivo e ámbito de actuación a promoción das mulleres e que apoien o seu desenvolvemento e apoderamento, o seu tecido asociativo e a paulatina consecución do obxectivo da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Na Xunta de Goberno de 22 de novembro de 2024 adoptouse o acordo de aprobación das bases reguladoras do programa +XUNTAS 2025 e posteriormente publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) nº 241 de 12 de decembro de 2024.

Na Xunta de Goberno, na sesión ordinaria do día 11 de abril de 2025 adoptou, entre outros, o acordo de adxudicar un total de 207 accións formativas a distintas entidades da provincia como beneficiarias do programa +XUNTAS 2025. Ademais, acordase aprobar unha lista de agarda de 60 solicitudes e a exclusión de 52 solicitudes de diferentes entidades interesadas nas accións formativas do programa.

Resultando que unha vez notificada a concesión da acción formativa á Asociación de Persoas con Discapacidade das Comarcas do Condado e Paradanta, NIF G36453728 e número expediente 2024083872, presenta renuncia ao obradoiro de “*Administración Electrónica: Certificado Electrónico, DNI Electrónico, Cl@ve*”. Resultando que existe lista de agarda para a participación no Programa + XUNTAS 2025, sendo a Asociación Conciencia Galicia, con NIF G06814198 e número expediente 2025001235 situada de segunda na lista, segundo consta en listaxe con CSV KD6Q5LQAE7SFWDOH, dado que a primeira foi adxudicada en data anterior.

Considerando que o órgano competente para a adxudicación das accións formativas ás entidades beneficiarias do programa +XUNTAS para o exercicio 2025, é a Xunta de Goberno, de conformidade co estipulado na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra e a base 16.2 de execución do vixente orzamento provincial.

Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Quedar enterada e aceptar a renuncia presentada pola Asociación de Persoas con Discapacidade das Comarcas do Condado e Paradanta (NIF G36453728) e nº de expediente 2024083872.
2. Adxudicar á Asociación Conciencia Galicia (NIF G06814198) e nº de expediente 2025001235, a concesión dunha acción formativa do programa +XUNTAS 2025.

9.35620.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA Á ASOCIACIÓN CONECTA GALICIA (PLAN +XUVENTUDE 2025) (EXPTE.2024067765/2025014914)

ANTECEDENTES E CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS:

Primeiro.- A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria celebrada o 29 de agosto de 2025, adoptou, entre outros, o acordo nº 2.35566, polo que se conceden subvencións en réxime de concorrència competitiva das axudas destinadas á posta en marcha de iniciativas de interese social, promovidas pola xuventude da provincia de Pontevedra durante o ano 2025 e a aprobación do listado de entidade e grupos informais excluídos (Expte 2024067765).



Consta no expediente consta relación de entidades beneficiarias (CSV: ZNCFDYR2SVYS15Y2), por un importe total de 101.588,58 €, con cargo á aplicación orzamentaria 25/233.2310.480.02.

De conformidade co establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 12.2 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, as subvencións concedidas foron publicadas no BOPPO número 167 de 03 de setembro de 2025.

Consta na relación a concesión da seguinte subvención:

2025014914	G19806389	Asociación Conecta Galicia	Vilanova de Arousa	Conecta +Xuventude	5.000,00 €
------------	-----------	----------------------------	--------------------	--------------------	------------

Segundo.- Con data 10 de setembro de 2025, e número de rexistro REX_2025017497, dita entidade presenta renuncia expresa á subvención concedida, indicando que “(...) *Dentro do prazo de alegacións da resolución provisional, esta entidade solicitou a reformulación da axuda concedida, co fin de poder adecuar o proxecto de execución e as partidas orzamentais ás novas necesidades da asociación e os seus usuarios. Que dita reformulación non foi aceptada polo órgano concedente. Que, debido a imposibilidade de reformular as partidas do orzamento de gastos, non resulta posible garantir a correcta execución do proxecto nos termos establecidos na resolución (...)*”.

Terceiro.- Con data 11 de setembro de 2025, Intervención emite Dilixencia de conformidade respecto do informe proposta da Xefa de Servizo de Xuventude e Reto Demográfico (CSV): 2HTPVYXIIHK6U3VRK), relativo á aceptación da renuncia á subvención concedida á Asociación Conecta Galicia.

De acordo cos antecedentes expostos e ao amparo do establecido no artigo 63.2 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, no artigo 84 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, Ordenanza Xeral de subvencións da deputación de Pontevedra e demais normativa básica de pertinente aplicación, a Xunta de Goberna acorda por unanimidade:

-Quedar enterada e aceptar a renuncia presentada pola *Asociación Conecta Galicia* (G19806389), por importe de 5.000,00 €, ao abeiro da convocatoria do programa “Plan Máis Xuventude 2025 . XRD_A/25 ”.

Dito Acordo será notificado á entidade solicitante nos termos establecidos nos artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015 de 1 de outubro reguladora do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.



10.35621.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS
(EXPTE.2025061686 E 2025061696)

a) Vista a relación de operacións con número 2025061686 (CSV: P0U6ZTAI70GW4FPR), que contén 4 operacións por un importe de 41.701,53€, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	41.701,53€
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido	41.701,53€

b) Vista a relación de operacións con número 2025061696 (CSV: PUFBRXR8S2GZV32C), que contén 1 operación por un importe de 663,00€, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	786,50€
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	123,50 €
Total líquido	663,00€

11.35622.- DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POLA
ASOCIACIÓN XUNTANZA XUVENIL CONTRA O ACORDO DA XUNTA
DE GOBERNO DE 29/08/2025 (Nº 2.35566) POLO QUE SE RESOLVE A
CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DO PLAN + XUVENTUDE 2025
(EXPTE.2024067765/2025051263)

ANTECEDENTES E CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS:

Primeiro. Con data 5 de setembro de 2025, con número de rexistro de entrada WEB2025063068, a través de instancia xenérica, D. Basilio Antón Carro Aira, con NIF 53973721N, en calidade de Presidente e en representación da Asociación xuvenil Xuntanza Xuvenil, con NIF G36744951, presenta recurso de reposición contra o Acordo da Xunta de Goberno adoptado o 29 de agosto de 2025 polo que se resolve a convocatoria do “Plan + Xuventude 2025” en base ao seguinte:



- 1.1. “(...) Que o día 10 de xullo publicouse na sede electrónica e na web da Deputación de Pontevedra a proposta de resolución provisional da convocatoria de subvencións dirixidas a posta en marcha de interese social, promovidas pola xuventude da provincia durante o ano 2025, na cal aparecía unha relación de entidades beneficiarias e outra de excluídas, sen que a nosa figurara en ningunha delas (...); (...) Que o día 3 de setembro recibimos unha notificación asinada pola xefa de servizo de Xuventude e Reto demográfico, según a cal, a Xunta de goberno acordou conceder as subvencións (...), (...) outorgándolle á nosa asociación xuvenil 2.900,00 € (...)”. “(...) que no punto sétimo do acordo de concesión do 29 de agosto, reconécese que a nosa solicitude non foi avaliada, debido a un erro de tramitación polo órgano instrutor, motivo polo que foi aceptada a alegación presentada con data 23 de xullo (nº rexistro Web 2025054294)(...)”.
- 1.2. “(...) Que no período de tempo transcorrido entre a presentación inicial da solicitude (12 de marzo de 2025) e a data de presentación de alegación 23 de xullo, decatámonos de que os nosos gastos do aluguer do espazo no que desenvolvemos a actividade eran superiores ós escollidos na solicitude, polo que, dado que na fase de instrución da convocatoria de subvención non tivemos dereito a que, tal e como especifica o punto décimo primeiro das bases reguladoras, se nos concedan 10 días hábiles para enmendar as faltas ou erros (artículo 66 da LPACAP, cometidos na solicitude, é polo que decidimos introducir, xunto coa alegación cursada, un novo orzamento, por unha contía de 7.500,00 €, que non foi tido en conta a pesar de que se axustaba ao requirido na convocatoria (...))”.
- 1.3. “(...) Que según se reflexa no acordo de concesión do total do orzamento 120.000,00 € só se outorgaron subvencións por un valor de 101.588,58 €, suficientes para cubrir os 5.000,00 € solicitados pola nosa asociación (...)”.
- 1.4. Por os argumentos expostos a asociación solicita:
 - “Que se acepte o novo orzamento presentado xunto coa alegación á resolución provisional e que se valore e se proceda a resolver outorgándolle a contía que en función do proxecto lle corresponda.
 - Que se teña por presentado o recurso “.

Segundo.- Contido do expediente e fase de instrución e resolución

Unha vez revisado o expediente e visto o escrito presentado e analizadas as alegacións aportadas pola recurrente no seu escrito de recurso, procede sinalar o seguinte:

De conformidade co establecido nos artigos 115 , 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, en adiante LPCA, o recurso é presentado por persoa física lexitimada para representar á entidade, e cumpre os requisitos de prazo e forma.

No que respecta ao seu fondo, vistas as alegacións contidas no escrito de recurso e de conformidade co establecido nas bases reguladoras desta convocatoria de subvencións, e ao abeiro da normativa reguladora de subvención, cabe sinalar o seguinte:

2.1.- A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria celebrada o 27 de decembro de 2024, aprobou a convocatoria e bases reguladoras para a concesión en réxime concorrència competitiva das axudas destinadas á posta en marcha de iniciativas de interese social promovidas pola xuventude da provincia de Pontevedra durante o ano 2025, as cales foron publicadas no BOPPO nº nº 26 de 7 de febreiro de 2025.

A dotación destinada á convocatoria é de 120.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 25/233.2310.480.02, e o importe máximo subvencionado por proxecto é de 5.000,00 €.



2.2.- Segundo o establecido na base 5.2, son gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza do proxecto presentado, resulten estritamente necesarios para levalo a cabo e financien actividades desenvolvidas do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2025, cos límites nos conceptos de gasto que se sinalan:

Concepto de gasto	Límite sobre o orzamento total
Gastos ordinarios e de funcionamento	10%
Alugueiro de espazos e/ou do equipamento necesario para poñer en marcha o proxecto	30%
Gastos de desprazamento, aloxamento e manutención que estean directamente relacionados co proxecto	20%
Se o proxecto presentado inclúe formación, honorarios das e dos docentes, así como o seu desprazamento e manutención	40%
Custos do persoal contratado en réxime laboral e subcontratación da execución da actividade	40%
Gastos de creación de páxina Web, contidos Web, gravación de vídeos e calquera outro de idéntica natureza	10%
Custo de adquisición de equipamento e material non inventariable	1.500,00 €, en total

2.3.- Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e unha vez finalizado o proceso de instrución dos expedientes, comprobación de datos e avaliacións dos mesmos, a Comisión de valoración prevista no punto 12.2 da convocatoria, examinou e avaliou as solicitudes de acordo cos criterios establecidos nas bases reguladoras, emitindo, o 9 de xullo de 2025 o correspondente informe de avaliación. Os criterios que se tiveron en conta para valorar as solicitudes foron os establecidos na base décimo terceira da convocatoria. Recibido o informe da Comisión de valoración, a xefa do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico formulou a proposta de resolución provisional na que se propón conceder subvencións ás 21 entidades xuvenís e grupos informais relacionados no anexo (CSV: 9F3V13D0X5RQ83I2), por un importe total de 98.688,58 €, a cal foi publicada o 10 de xullo de 2025, de xeito simultáneo na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra e na páxina web.

Segundo se recolle na base 12ª da convocatoria, as entidades propostas como beneficiarias tiveron un prazo de dez días para formular alegacións, desde o día seguinte ao da publicación.



2.4.- Dentro do prazo citado, con data 23 de xullo de 2025, número de rexistro WEB2025054294, a Asociación Xuntanza Xuvenil presenta escrito de alegacións fronte á proposta de resolución provisional, debido a que nela non figuraban nin na proposta de concesión como beneficiaria, nin tampouco como excluída.

A entidade expón que “(...) O 12 de marzo de 2025, con número de rexistro WEB2025016841, dentro do prazo de presentación de solicitudes, presentou solicitude de subvención para a posta en marcha do proxecto “Suando a camisola”, cun orzamento total de 5.500,00 €, e para o que solicita unha subvención de 5.000,00 € (...).”

2.5.- Analizados os antecedentes e a restante documentación aportada, confírmase que a solicitude da asociación non foi avaliada debido a un erro de tramitación do órgano instrutor, que asociou o expediente á convocatoria de 2024, polo que se procede á revisión da documentación inicialmente presentada e á valoración da solicitude, que acada unha puntuación total de 55 puntos, superando a puntuación mínima establecido na base décimo terceira da convocatoria para acceder a esta liña de axudas.

Respecto ao orzamento presentado para a posta en marcha do seu proxecto, tendo en conta os límites establecidos na base 5.2 da convocatoria, os custos elixibles ascenden á cantidade de 2.900,00 €, polo que procédese á súa inclusión na relación de entidades beneficiarias cunha subvención de 2.900,00 €, segundo o seguinte detalle:

A memoria económica de gastos achegado ascende a: 5.500,00 €

Nº	Concepto	Importe orzamento	Orzamento subvencionable	% máximo	Contía máxima (sobre total)
1	Alugueiro de espazos e/ou equipamento necesario	700,00 €	700,00 €	30%	1.650,00 €
	Instalacións do CC de Valladares	700,00 €			
2	Custos do persoal contratado / Subcontratación	4.800,00 €	2.200,00 €	40%	2.200,00 €
	Contratación de persoal para a realización das actividades	4.800,00 €			
ORZAMENTO TOTAL			CONTÍA MÁXIMA SUBVENCIONABLE		
5.500,00 €			2.900,00 €		

No relativo aos ingresos, o importe solicitado en concepto de subvención ascende á cantidade de 5.000,00€, especificándose no orzamento que que a aportación con fondos propios e de 500,00€.

Polo tanto, tendo en conta os límites establecidos na base 5.2 da convocatoria, os custos elixibles ascenden á cantidade de 2.900,00 €, e procédese a incluír á asociación no listado definitivo e no Acordo de concesión adoptado pola Xunta de Goberno.



2.6.- Á vista do anterior, o Servizo instrutor eleva informe proposta de fiscalización previo ao Acordo de Concesión de subvención, no que se inclúe a proposta de concesión de subvención a favor da entidade reclamante por importe de 2.900,00 € sobre un orzamento de actividade de 5.500,00 €, nos que a achega da Asociación beneficiaria é de 500,00 €, constando no expediente a nova relación de entidades beneficiarias (CSV: ZNCFDYR2SVYS15Y2, por un importe total de 101.588,58 €.

Con data 21 de agosto de 2025, Intervención emite informe favorable no que se fai constar que “ (...) *Das 27 solicitudes presentadas, proponse conceder polo procedemento de concorrencia competitiva un total de 22 por un importe total de 101.588,58 euros.*

Na aplicación orzamentaria 25/233.2310.480.02, do vixente Orzamento Provincial, existe crédito autorizado para dito gasto. O Órgano competente para a aprobación da Resolución definitiva e disposición deste gasto será a Xunta de Goberno, segundo as bases aprobadas para a execución do Orzamento Provincial para o ano 2025 (...).

2.7.- Por outra banda, conxuntamente co escrito de alegacións citado, presentaron unha nova memoria económica para a posta en marcha do proxecto “*Sudando a camisola*”, por un importe total de 7.500,00 €, fronte aos 5.500,00 € presupostados inicialmente, no que incrementan os custos de alugueiro do espazo e instalacións necesarias para a posta en marcha do proxecto, que na solicitude inicial ascendía a 700,00 € e que agora para a ser de 2.700,00 €, solicitando a esta Institución a mesma cantidade de 5.000,00 € e modificando a aportación de fondos propios que pasa de 500,00 € a 2.500,00 €.

Cabe sinalar que o incremento do concepto de alugueiro de instalacións é significativo xa que na memoria económica tomada como base subvencionable indican que “(...) *Para poder realizar estas actividades temos que utilizar as instalacións do Centro Veciñal e Cultural de Valladares, en concreto o escenario, mailo ximnasio (dotado con duchas e equipado con maquinaria variada (bicis, cintas, pesas,...) e o aula de xogos que conta con saco de boxeo, lona,...).* O custe de cesión durante estras tres horas ao longo de seis meses será de 116,66 €/mes (...)”, ascendendo o importe deste subconcepto a 700,00 €, cantidade que non supera o límite do 30% sobre o orzamento total, e no orzamento que achegan no período de alegacións o custo do alugueiro das mesmas instalación polo mesmo período pasa a ser de 450,00 €/mes o que supón un total de 2.700,00 €, cantidade moi superior ao orzamentado inicialmente para o mesmo concepto de gasto, tendo en conta que o lugar de desenvolvemento da actividade é o mesmo, o proxecto é idéntico na súa totalidade tanto no obxecto como no seu fin sendo as persoas beneficiarias as mesmas.

Terceiro. Consideracións xurídicas

3.1.- O novo orzamento achegado pola asociación no período de alegacións, e que pretende se teña en conta, ascende a un total de 7.500,00 €, sendo a achega de fondos propios de 2.500,00 €, e a subvención solicitada de 5.000,00 €.

Alega a recorrente que se lles privou do prazo de alegacións previo á concesión de subvención e que non se esgotou o crédito dispoñible desta liña de subvencións, polo que se pode conceder a contía total solicitada.



3.2.- A este respecto cabe sinalar o seguinte:

Segundo o establecido no artigo 27 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións (LXS), cando a subvención teña por obxecto o financiamento de actividades a desenvolver polo solicitante e o importe da subvención da proposta de resolución provisional sexa inferior ao que figura na solicitude presentada, poderase instar do beneficiario, se así se previu nas bases reguladoras, a reformulación da súa solicitude para axustar os compromisos e condicións á subvención outorgable.

En calquera caso, a reformulación de solicitudes deberá respetar o obxecto, as condicións e a finalidade da subvención, así como os criterios de valoración establecidos respecto das solicitudes ou peticións establecidos nas bases reguladoras da convocatoria, no mesmo senso contéplase esta posibilidade no artigo 25 da lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia (LXG).

O seu desenvolvemento regulamentario atopámolo no artigo 61 do Regulamento de desenvolvemento da Lei Xeral de Subvencións (RXS) aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo que dispón que:

"Cando a subvención teña por obxecto impulsar determinada actividade do beneficiario, entenderase comprometido a realizar a devandita actividade nos termos expostos na súa solicitude, coas modificacións que, no seu caso, aceptáronse pola Administración ao longo do procedemento de concesión ou durante o período de execución, sempre que ditas modificacións non alteren a finalidade perseguida coa súa concesión.

Se a Administración propón ao solicitante a reformulación da súa solicitude prevista no art. 27 da Lei, e este non contesta no prazo que aquela lle outorgou, manterase o contido da solicitude inicial.

No caso de que a Administración, ao longo do procedemento de concesión, propoña a modificación das condicións ou a forma de realización da actividade proposta polo solicitante, deberá solicitar do beneficiario a aceptación da subvención.

Dita aceptación entenderase outorgada se na proposta de modificación quedan claramente explicitadas ditas condicións e o beneficiario non manifesta a súa oposición dentro do prazo de 15 días desde a notificación da mesma, e sempre, en todo caso, que non se dane dereito de terceiro."

Como pode observarse da lectura de ambos preceptos, o concreto obxecto da actividade do beneficiario da subvención queda definido polo contido da súa solicitude. Con todo, cabe que a subvención se outorgue por contía inferior á solicitada. A redución do importe pode facerse mediante un simple prorrateo entre os solicitantes ("sempre que así se prevexa nas bases reguladoras, o órgano competente procederá ao prorrateo, entre os beneficiarios da subvención, do importe global máximo destinado ás subvencións", ex art. 22.1 in fine).

Tal e como sinala a doutrina, esta opción de distribuír o importe global máximo autorizado no Orzamento en proporción á solicitado non implica de seu unha modificación dos compromisos ou actividades financiadas. Pero certamente pode ocorrer que a redución do financiamento solicitado só sexa asumible si se produce un axuste dos compromisos e condicións á subvención otorgable. Neste caso, para manter o financiamento público sen necesidade dun novo proceso selectivo entra en xogo a figura da reformulación de solicitudes, mediante a cal o beneficiario poderá modificar a súa solicitude presentada elixindo as actividades das previstas inicialmente ás que desexa aplicar os fondos que se lle outorguen. En consecuencia, a reformulación das solicitudes configúrase como un dereito do posible beneficiario da subvención para reformular unha solicitude, para adaptar a actividade subvencionada á contía concedida sen ter que renunciar a ela.



A reformulación de solicitudes é un trámite potestativo para a Administración concedente, no sentido de que pode ou non preverse nas bases reguladoras. No caso que nos ocupa, a base 12.3 da convocatoria, relativa á “Resolución provisional e reformulación de solicitudes”, e tal e como se recolle na Ordenanza xeral de subvencións da deputación de Pontevedra, dispón que:

“(...) En ningún caso se poderá autorizar a reformulación cando se danen dereitos de terceiras persoas. A reformulación que cumpra os requisitos esixidos e mellore os aspectos obxecto de valoración poderá admitirse, sen que a súa aceptación supoña modificar o importe asignado na proposta de resolución provisional (...)”.

Cuarto. Con data 10 de setembro de 2025, a Xefa do servizo de Xuventude e Reto demográfico emite informe proposta de desestimación do recurso presentado, que figura asinado có (CSV): A2OVCJ06M3BEHQBO. Intervención emite dilixencia de fiscalizado e conforme o 11 de setembro de 2025, que consta no expediente có (CSV): HIJDVRVRBXX3SBK9.

De acordo co exposto, examinados os orzamentos aportados, colísese que a Asociación beneficiaria adapta o seu orzamento aos límites porcentuais establecidos na convocatoria, recollidos no punto 2.3 de esta proposta co fin de poder ser beneficiario da subvención máxima de 5.000,00 €, sobre un orzamento maior de 7.500,00 €, cando tal circunstancia está expresamente rexeitada nas bases reguladoras desta convocatoria e modifica as condicións que se tiveron en conta inicialmente e que serviron de base para a concesión da subvención.

A vista das consideracións xurídicas expostas, e ao amparo do establecido nos artigos 84, 119, 123 e 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro reguladora do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC) e demais normativa básica de pertinente aplicación, a Xunta de Goberna acorda por unanimidade:

-Desestimar o recurso de reposición presentado por D. Basilio Antón Carro Aira, con NIF ***7372**, en calidade de Presidente e en representación da *Asociación xuvenil Xuntanza Xuvenil*, (NIF G36744951) contra o Acordo da Xunta de Goberno adoptado o 29 de agosto de 2025 polo que se resolve a convocatoria do “Plan + Xuventude 2025”. XRD_A/25”.

Dito Acordo será notificado á entidade reclamante nos termos establecidos nos artigos 40 e seguintes da LPAC.

12.35623.- ACEPTACIÓN DE RENUNCIA A OBRADOIRO E NOVA ADXUDICACIÓN DO PROGRAMA “PROVINCIA ACTIVA” PARA O ANO 2025. ACTUALIZACIÓN LISTA DE AGARDA (EXPTE.2024068603)

ANTECEDENTES:

1º.- No capítulo III da Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, desenvólvense os principios reitores da actuación da Administración pública galega, en relación coas persoas maiores, entre os que se atopa “promover o seu benestar, a súa autonomía persoal e a súa participación na vida e nas actividades da sociedade”.



2º.- Desde o punto de vista competencial, este programa está dentro das atribucións conferidas no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na que se establece como competencia propia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

3º.- Por outra banda, na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establécese que os poderes públicos fomentarán o desenvolvemento de actuacións solidarias destinadas a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social, mediante intervencións que permitan acadar os obxectivos de proporcionar oportunidades e recursos que aseguren a igualdade entre mulleres e homes e posibiliten a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral, así como garantir o apoio ás familias como o marco de referencia no que se desenvolven as persoas. No artigo 63, relativo ás competencias das deputacións provinciais, establécese que, de conformidade co previsto na normativa de réxime local, estas proporcionaranlles asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais.

4º.- Neste contexto, a Deputación de Pontevedra co programa “PROVINCIA ACTIVA” asume os principios recollidos na devandita norma e fomenta a participación das persoas maiores en actividades que promoven a creación de espazos de encontro e intercambio de experiencias, que permiten impulsar a súa independencia e, deste xeito, evitar o illamento e as situación de soidade non desexadas.

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na sesión ordinaria celebrada o 13 de decembro de 2024, aprobou as Bases reguladoras do programa “Provincia activa” 2025 que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia núm. 246 de 19 de decembro de 2024. O prazo de solicitudes de participación no programa abarcou do 20 de decembro de 2024 ao 20 de xaneiro de 2025.

En Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 21 de marzo de 2025, número 25.33717, aprobouse a relación definitiva das entidades presentadas, das entidades excluídas, das entidades admitidas con obradoiro adxudicado e das entidades admitidas en lista de agarda do Programa “PROVINCIA ACTIVA 2025”, atendendo aos criterios de prelación establecidos nas bases reguladoras do programa, e que supoñen un total de 130, así como a relación de entidades en lista de agarda un total de 146.

O anuncio de adxudicación publicouse no BOPPO número 56 e na páxina web o martes, 24 de marzo de 2025. Os Anexos de obradoiros adxudicados e de entidades en lista de agarda figuran asinados no expediente cos seguintes CSV: JBH3GHZFMLNGWV3P e LY4N42IFKDB49XJH, respectivamente

5º.- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do 5 de setembro de 2025 adoptou o acordo de aceptación da renuncia presentada por tres entidades con obradoiro adxudicado e a adxudicación de obradoiro ás primeiras entidades da lista de agarda. Así mesmo, acordou a actualización do listado de entidades con obradoiro adxudicado e en lista de agarda (CSV: QC9ET1TGQHBP8BV e RTML6WOJH8BDU9US)

6º.- Con data 09 de setembro de 2025, nº de rexistro WEB2025063790, a ASOCIACION VECIÑAL DE CULTURAL DE CASTRO RAMIRO E CERNADEL, con NIF G36355378 (expediente 2025000295) adxudicataria do programa, presenta a través de instancia xenérica a renuncia ao obradoiro adxudicado.



7º.- En consecuencia, presentada a renuncia da asociación citada no punto 5º, permitiría a existencia de crédito suficiente para adxudicar un novo obradoiro á seguinte entidade da lista de agarda que é a seguinte:

- ASOCIACION MULLERES EN IGUALDADE DE MONEIXAS, con NIF G94114691 e con número de expediente 2025000501.

8º.- Con data 11 de setembro de 2025, Intervención emite dilixencia de fiscalización e conformidade (CSV: SQDEY8XNJ69CVEUA), respecto da proposta de aceptación da renuncia, da adxudicación á primeira entidade da lista de agarda e da actualización da lista de entidades con obradoiro adxudicado e da lista de agarda.

NORMATIVA APLICABLE:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común
- Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia
- Bases de execución do vixente Orzamento provincial para o ano 2025
- Bases do programa Provincia Activa 2025

PROPOSTA DE ACORDO

De acordo co exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a renuncia presentada pola entidade:
 - o ASOCIACION VECIÑAL DE CULTURAL DE CASTRO RAMIRO E CERNADEL, con NIF G36355378
- Adxudicar un obradoiro a seguinte entidade da lista de agarda:
 - o ASOCIACION MULLERES EN IGUALDADE DE MONEIXAS, con NIF G94114691
- Actualización do listado de 130 entidades adxudicatarias (CSV: ERDKMM3ODO9MS8KZ).
- Actualización do listado de agarda de 142 entidades (CSV: CO6J6REPOWN803OT).

13.35624.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NO TREITO ANTIGO DA EP-5201 ARBO-CABEIRAS-BARCELA, NA CONTORNA DA IGREXA DE SAN SEBASTIÁN DE CABEIRAS (CONCELLO DE ARBO)”. (EXPTE.2024053636)

Resultando.- Que Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 21/05/2025 acordou adxudicar á empresa CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A, (CIF A36008886) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da mobilidade peonil no treito antigo da EP-5201 Arbo-Cabeiras-Barcelona, na contorna da Igrexa de San Sebastián de Cabeiras (Concello de Arbo)”, por un importe de 379.534,35 €, IVE, e un prazo de execución de CATRO (4) MESES.



Resultando.- Que con data 26/03/2025 formalizouse entre o contratista e o director de obra, acta de comprobación de replanteo, establecéndose do nese intre coma data para finalizar a obra o día 26/07/2025.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 10/07/2025 acordou conceder á empresa Construcións Obras E Viais, S.A, unha ampliación de DOUS (2) MESES no prazo de execución do contrato de obras “Mellora da mobilidade peonil no treito antigo da EP-5201 Arbo-Cabeiras-Barcelona, na contorna da Igrexa de San Sebastián de Cabeiras (Concello de Arbo)” establecendo coma data para finalizar a obra o día 26/09/2025.

Resultando.- Que con data 08/09/2025 tivo entrada a través do Rexistro electrónico da Deputación (REX-WEB2025063433), escrito do contratista solicitando unha ampliación de prazo na execución da obra de QUINCE (15) DIAS, debido por unha banda a que os traballos pendentes de UFD e telefónica, están pendentes de rematar e por outra o anticipo da temporada de vendimia que provocou un incremento do tráfico pesado ea aparición de rocha dura tanto na escavación de gabias como na escavación para albergar o paquete de firme proxectado, están a condicionar o rendemento e o avance das obras.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: BVYQE2EYAQFRWIJA informe da responsable do contrato, que recolle o seguinte: En virtude das causas legadas polo contratista, esta dirección facultativa entende que está xustificada a concesión da ampliación do prazo de execución deste contrato polo tempo solicitado, non sendo causas imputables ao contratista- Non existen afeccións ao proxecto, nin a outras condicións de execución, nin ao prezo que impliquen a necesidade de modificación contractual máis alá do prazo sinalado.

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto emitido polo Xefe de Servizo de Contratación, o Secretario da Deputación e o Interventor (CSV) WIAMFIUDKY17X63R no que se recolle que en atención ao exposto e, destacadamente, do informe do/a responsable do contrato, infórmase favorablemente, autorizando a ampliación do prazo de execución en QUINCE (15) DIAS, establecéndose coma data para finalizar a obra o día 11/10/2025.

Considerando.- Que o artigo 193.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que: “...O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a execución sucesiva...”

Considerando.- Que o artigo 195.2 do mesmo texto legal, recolle no referente á ampliación do prazo d execución dos contratos o seguinte: “...Se o retraso fose producido por motivos non imputables ó contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor...”

Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001 establece que: “1. A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de quince días dende aquel no que se produza a causa orixinaria do retraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración...”



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder á empresa *Construciones, Obras y Viales, S.A.* unha ampliación de prazo de QUINCE (15) DIAS , na execución do contrato de obras “*Mellora da mobilidade peonil no treito antigo da EP-5201 Arbo-Cabeiras-Barcela, na contorna da Igrexa de San Sebastián de Cabeiras (Concello de Arbo)*” establecendo coma data para finalizar a obra o día 11/10/2025, a partires da cal, de non estar terminada se lle aplicaran ó contratista automaticamente penalidades previstas.

14.35625.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

15.35626.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

AUTORIZACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DO CONCELLO DE BUEU RELATIVO AO INVESTIMENTO “PROXECTO DE URBANIZACIÓN DA CONTORNA DA CASA DA MUSICA”, INCLUÍDO NO PLAN CONCELLOS 2022-2023, LIÑA 1- ANUALIDADE 2023 (EXP: 2023006296)

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.
- Mediante acordo de Xunta de Goberno núm. 42.32420, do 10/03/2023, concedeuse unha subvención, ao abeiro da liña 1 do Plan Concellos 2022-2023, por importe de 237.828,13 euros ao concello de BUEU co obxecto do financiamento do investimento “PROXECTO DE URBANIZACION DA CONTORNA DA CASA DA MUSICA” (exp.: 2023006296), en base a un orzamento que ascendía a 237.828,13 euros.
- Mediante acordo núm. 15.33986 a Xunta de Goberno na súa sesión de data 28/06/2024 autorizou o cambio do proxecto técnico que figuraba no expediente, sen variar o importe do seu orzamento nin a subvención concedida.
- En data 17/09/2025, mediante rexistro 2025017858, ten entrada na sede electrónica da Deputación, unha solicitude do Concello de BUEU na que manifesta a necesidade de modificar o proxecto técnico que figura no expediente debido a que durante a execución da obra apareceron diversas circunstancias non previsibles no momento da redacción do proxecto inicial, que fan imprescindible a execución de novas unidades de obra para garantir a estabilidade, funcionalidade e seguridade da actuación, así como a inclusión de novos prezos que contemplan novas unidades de obra.
- O concello indica que a obra “PROXECTO DE URBANIZACION DA CONTORNA DA CASA DA MUSICA” (exp.: 2023006296) foi adxudicada no prezo (IVE Engadido) de 205.531,07 euros, o que supón unha baixa na adxudicación de 32.297,06 euros.



- En data 17/09/2025, a entidade municipal aporta o proxecto modificado da obra “PROXECTO DE URBANIZACION DA CONTORNA DA CASA DA MUSICA” (exp.: 2023006296) que unha vez revisado obsérvase que este non altera a finalidade da subvención, non afecta a calidade do proxectado pero supón unha variación orzamentaria con respecto ao proxecto orixinal de 44.614,12 euros (18,76%), pasando o orzamento de execución de obra de 237.828,13 euros a 282.442,25 euros.
- O prezo de adxudicación da obra incrementa en 38.555,52 euros (dado que este pasa a importar 244.086,59 euros no lugar de 205.531,07 euros) o que supón unha variación porcentual do 18,76 %.
- O Concello solicita a conformidade da Deputación a esta modificación, así como a aplicación da baixa acadada na adxudicación do contrato de 32.297,06 euros, no financiamento de parte do incremento de custe do modificado

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime Xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral)
- Bases de execución do vixente orzamento da Deputación.

Consideracións Xurídicas

Instrución do expediente:

- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, relativa á instrución e procedemento que indica que correspóndelle ó Servizo de Cooperación realizar as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes, solicitando cantos informes considere convenientes.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPAC sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPAC, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente Orzamento provincial , sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.



- Base 20ª das Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que establece que se durante a execución das obras xorde a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na normativa de contratación e redactar un proxecto modificado, admitindo que as modificacións se poidan financiar co importe das baixas de adxudicación.
- Artigo 205 da Lei de Contratos do Sector Público 9/2017, de 8 de novembro, que prevé que se poidan modificar os contratos cando se de algún dos tres supostos a), b) ou c) do seu parágrafo segundo e se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos o informe do facultativo técnico do Servizo de Cooperación de data 17/09/2025 e do Xefe do Servizo de Cooperación de data 17/09/2025, que conclúen favorablemente a tramitación do proxecto modificado, e do informe favorable da Intervención Provincial, a Xunta De Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar o proxecto modificado do investimento denominado “*PROXECTO DE URBANIZACION DA CONTORNA DA CASA DA MUSICA*” (exp.: 2023006296), do *Concello de Buen* con incremento do seu orzamento total, pasando de 237.828,13 euros a 282.442,25 euros, manténdose invariable o importe da subvención inicialmente concedida de 237.828,13 euros.
- Autorizar que a baixa de adxudicación na parte imputable á Deputación, que ascende a 32.297,06 euros, se aplique no financiamento do devandito proxecto modificado.
- A concesión da subvención, queda condicionada as autorizacións sectoriais da Deputación de Pontevedra, do Servizo de Patrimonio da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.
- Ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2023, deberá estar executado o 30 de setembro de 2025 e xustificado na súa totalidade o 31 de outubro de 2025, en base a prórroga do Plan Concellos 2022-2023 (anualidade 2023) publicada no BOPPO núm. 235 de 03 de decembro de 2024 emendado no BOPPO núm. 237 de 05 de decembro de 2024. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Buen*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



16.35627.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e cincuenta minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

